UNIDADE 3: A ARTE ROMÁNICA.
EXERCICIOS DESCARGABLES AUTOAVALIABLES.

EXERCICIOS:

1. COMENTA A SEGUINTE IMAXE.

1. **<u>Análise formal e iconográfico</u>:**
Aquí debes facer unha análise do tipo de obra de que se trata, atendendo ao aspecto arquitectónico e ao escultórico. No primeiro debes analizar os elementos estructurais desta obra e a súa tipoloxía, e na parte escultórica o tema, a análise iconográfica , os aspectos técnicos (materiais, volume, composición, cor..)e os valores expresivos e simbólicos.

2. **<u>Identificación da obra</u>: Nome da obra, cronoloxía, estilo, autor.**

3. **<u>Contexto histórico–artístico:</u> Debes relacionar esta obra cos aspectos máis salientables do seu período histórico, e co estilo artístico no que se desenvolve.**

2.COMENTA A SEGUINTE IMAXE:



1. **<u>Análise formal e tipolóxico</u>: Debes comezar facendo unha análise descritiva do tipo de obra de que se trata, atendendo aos aspecto arquitectónicos. Analiza os elementos estructurais desta obra soportes, cubertas, contrarrestos), características non formais desprendidas da análise, e a tipoloxía á que pertence segundo a análise realizada.**

2. **<u>Identificación da obra</u>Nome da obra, cronoloxía, estilo, autor.**

2. **<u>Contexto histórico-artístico:</u> Debes relacionar esta obra cos aspectos máis salientables do seu período histórico, e co estilo artístico no que se desenvolve-**

3. COMENTA BREVEMENTE ESTE TEXTO:

Que fan nos vosos claustros, onde os irmáns se consagran ás lecturas sagradas, eses monstros grotescos, esas extraordinarias belezas deformes e esas belas deformidades? Para que están aí eses sucios monos, eses feros leóns, eses monstruosos centauros que non teñen de home máis que a metade? Por que tigres a raias...? Por que guerreiros en combate? Por que cazadores tocando as trompas?(...) . Aquí atopas bestas de catro patas con cola de serpe, e alí un peixe con cabeza de besta. Aquí un animal monta a cabalo. En fin, as variedades de formas diferentes que hai por todos os lados son tantas e tan marabillosas que nos sentimos máis tentados a ler no mármore que nos nosos libros (...)Señor, se non producen rubor estas absurdidades , que se condene polo menos o seu gasto

***San Bernardo**, en " Apologia ad Guillelmum. Recollido por **George Duby** en "San Bernardo y el arte cisterciense". Ed. Taurus, Madrid, 1981.*

Este texto debe servir para que fagas un pequeno comentario da valoración e o significado das imaxes e da súa representación plástica na arte románica. Para elo, debes consultas o tema sobre a arte románica, e convén que consultes tamén as Faq, s, e os programas educativos. Partindo dunha lectura atenta do texto, podes facer o teu comentario guiándote polas seguintes cuestións:

1º. Cal é o tema que se trata no texto?

2º. Quen é o autor do texto? Que argumentos da?
3º. Que aspectos da arte románica cres que se tratan neste texto?Coméntaos brevemente.

4. EXERCICIO DE IDENTIFICACIÓN DE IMAXES:

Neste exercicio se presentan exteriores e interiores dalgúns dos exemplos máis salientables da arquitectura románica europea e peninsular. A partir das características das distintas variantes que tes no texto, intenta recoñecelos. Enuméraos de esquerda a dereita e de arriba abaixo.



5. CONTESTA BREVEMENTE ÁS SEGUINTES CUESTIÓNS:

1ª.Que é unha bóveda de aresta?
2ª. Sinala as partes dunha igrexa de peregrinación.
3ª. Cal é as técnicas máis utilizada na pintura mural no románico?
4ª. A que aplicamos o termo *horror vacui*?

SOLUCIÓNS:

1. COMENTA A SEGUINTE IMAXE:

1.Análise formal e iconográfico:

A portada románica conta cunha estructura arquitectónica á que se supeditará o programa escultórico.

Arquitectonicamente componse dun gran van abucinado, pechado por un arco de medio punto con tres arquivoltas sobre pilastras pegadas ás xambas. Baixo as arquivoltas disponse un tímpano apoiado nun lintel e este nun parteluz que divide o van en dúas partes simétricas. O material utilizado é a pedra pedra de cantería, tallada e cicelada nas partes que levan decoración escultórica.Na parte escultórica, sobre o lintel, tímpano e arquivoltas disponse un programa escultórico de temática relixiosa, No tímpano represéntase o Xuízo Final; Cristo, no centro, sentado no trono, cos brazos abertos e mirando á fronte, dentro da améndoa mística; nos ángulos sitúanse uns anxos. Á dereita de Cristo sitúanse os apóstolos , un anxos tocando trompetas e transportando benaventurados ao ceo, (representado por un pazo). Á esquerda de Cristo vemos a San Miguel pesando as almas, rodeado de demos que están no peso das almas ou levando aos condenados ao inferno. Nun rexistro superior sitúanse a Vires e os Santos. No lintel , represéntase de novo a San Miguel separando aos elididos dos condenados ao inferno. As arquivoltas levan unha decoración vexetal estilizada, con entrelazos, e as figuras do zodíaco ; a primeira é lisa. As xambas decóranse cos piares con acanaladuras, rematados por capiteis figurados. Aos lados sitúanse tres columniñas adheridas, con fuste xeométrico e capiteis historiados.

No parteluz disponse a figura de San Lázaro, con báculo e rodeado por dúas figuras (santas ou virtudes)

Volume: Esta obra é un mediorelevo, na que a talla é bastante plana, aínda que se observan diferenzas entre a figura central, menos volumétrica, e as laterais , que sobresaen sobre un fodo plano. Hai, polo tanto dous planos de representación, e ausencia a calquera referencia de espacio ou profundidade espacial.

A Composición:é pechada e simétrica, a partir da figura de Cristo dende onde se organizan simetricamente o resto das escenas, en dous rexistros horizontais separados por unha moldura en pedra. As figuras están xerarquizadas, ocupan todo o espacio, adaptándose ás formas arquitectónicas.

Movemento: A figura de cristo é estática, pero no resto do tímpano predominan as liñas curvas, os pregues nerviosos...as figuras dóbranse, dando sensación de movemento.

Cor: As figuras non están pintadas, aínda que é probable que orixinariamente presentasen policromía.

Elementos non formais: A escultura desta portada presenta é antinutarista e simbólica, cunha forte tendencia á abstracción., xa que non se busca a beleza formal senón a expresividade, o que explica que as figuras sexan desproporcionadas e presenten deformacións anatómicas que resaltan determinadas partes do corpo como as mans, os ollos, a cabeza.... Hai isocefalia, lei de adaptación ao marco, *horror vacui*...É unha arte dirixida a mente, non aos sentidos.

A arte románica recuperará a tradición escultórica que aparece agora pero ligada á arquitectura que a soporta. A portada monumental exemplifica este rexurdir, e os seus elementos vanse conformando arredor dúas áreas: en torno a igrexas do Camiño de Santiago, a outro grupo ligado á zona da Borgoña. Esta obra ten as características do grupo de portadas da zona da Borgoña do románico pleno: portadas cluniacenses,

polo tanto vinculadas ao mundo monástico, como a de San Pedro de Moissac, ou a da Madalena de Vezelay (1130-40). Teñen unha función Teofánica, un carácter contemplativo, ao que lles corresponde un estilo formal máis axitado, expresionista, no que as figuras reflicten unha maior espiritualización.

2.Identificación da obra:

Obra: Esta imaxe é unha portada monumental románica, neste caso á da fachada Occidental de San Lázaro de Autun, na Borgoña francesa.

Cronoloxía: Aprox. cara a 1130.

Estilo: Románico pleno

Autor: Gislebertus

3.Contexto histórico-artístico.

A arte románica engloba tódalas manifestacións arquitectónicas e de artes plásticas desenvolvidas durante o séculos XI e XII en Europa. Para o seu estudio distínguense tres etapas (o Románico inicial, pleno e final ou tardorrománico) baseadas nas características comúns estructurais e tipolóxicas que se definindo nas distintas áreas ou rexións; estas diferenzas son matices dentro da homoxeneidade que presentan as manifestacións deste estilo que fan que poida ser considerado o primeiro estilo internacional europeo.

Dende o século XI Europa experimenta un dinamismo económico provocado polo desenvolvemento de zonas agrícolas. A terra convértese, no principal factor de riqueza e o feudo é a unidade de produción básica. A súa estrutura social correspóndese cunha ríxida configuración en estamentos (nobreza, clero e terceiro estado) e preséntase en mans dunha minoría de señores laicos ou eclesiásticos, os grupos privilexiados, ante unha maioría de servos. Prodúcese agora tamén unha relativa estabilidade política baseada na consolidación dos reinos feudais; paralelamente os centros urbanos convértense de novo en núcleos vitais e vai tomando forma unha nova clase social, a burguesía

O fondo sentimento relixioso cristián, canalizado pola igrexa, exercerá de forza unitaria neste mosaico territorial. A igrexa medieval irá gañando poder temporal e sobre todo espiritual; o poder do Papa fortalecido, será quen de impulsar a unificación do rito en todo o occidente europeo (*rito romano*),e o desenvolvemento da vida monástica (mosteiro de Cluny,) que exercerá un papel prioritario na organización das cruzadas e das peregrinacións. Será arredor destes camiños onde vaia xestándose a arte románica, pois os ensaios e achádegos formais dunha rexión rapidamente pasarán a os outras a través dos obradoiros itinerantes de canteiros e escultores que emprenderán en curto espazo de tempo obras en diversos enclaves destes camiños.

O estilo románico será, por enriba dos matices das súas variedades rexionais a primeira arte da Idade Media que consigue a suficiente unidade nas súas manifestacións como para ser considerado o seu primeiro estilo internacional.

2. COMENTA A SEGUINTE IMAXE:

1.Análise formal e tipolóxico:

Trátase dunha **planta** de cruz latina composta por tres **naves** lonxitudinais, á central máis ancha que as laterais, e un transepto ou nave de cruceiro visible en planta tamén con tres naves. A nave central cóbrese con bóveda de canón apoiada en arcos faixóns, e as naves laterais con bóvedas de aresta. As naves laterais comunícanse ca

central mediante arcos formeiros. Aínda que non se aprecia en planta, sobre as naves laterais disponse a tribuna, un segundo piso aberto á nave central mediante arcadas xeminadas. Ao **transepto** ábrense catro pequenas capelas absidais, dúas a cada lado da cabeceira, de planta semicircular e cubertas con bóveda de cuarto de esfera, e os seus extremos (norte e Sur)cérranse con fachadas nas que se desenvolven portadas monumentais; o cruceiro cóbrese cun ciborio cuberto con cúpula sobre trompas. A **cabeceira**, de grandes dimensións, resólvese cun presbiterio con dous tramos rectos e cerre semicircular rodeado por un deambulatorio á que se abren cinco capela radiais ou absidiolas, das que a central é semicircular ao interior e recta ao exterior. Aos pés da igrexa sitúase unha fachada composto por un **nártice** no que tamén se desenvolve unha portada monumental flanqueado por dúas torres de planta rectangular. Os **muros** exteriores son grosos, neles ábrense poucos vans, e están reforzados con estribos. Nesta planta vese a articulación do espacio das naves mediante **tramos** compostos polo espacio comprendido entre dous arcos faixons , os formeros das naves laterais, e os piares compostos que os sosteñen.

A construcción da catedral comezan no ano 1075 e nela distinguimos catro fases constructivas: na primeira levántase a cabeceira e o deambulatorio ; no 1100 retómanse as obras a cargo do Mestre Estevo, e constrúese o transepto. A terceira etapa, coa dirección de obras a cargo de Bernaldo o Novo remátanse a cuberta do transepto e as tres naves do corpo central. A catedral románica rematarase entre 1168 e 1188 baixo a dirección do Mestre Mateo, que realiza o peche da catedral, e toda a súa obra escultórica.
As características desta planta é común a un grupo de igrexas románicas que denominamos igrexas con planta de peregrinación, e que se conforma en torno aos camiños de peregrinación a Santiago; as igrexas de San Martín de Tours, San Marcial de Limoges, Santa Fe de Conques ,San Sernin de Toulousse e a de Santiago de Compostela construídas entre finais do século XI e principios do XII presentan este modelo de planta con poucas variacións. A semellanza entre elas afecta tanto á planta como o alzado (en solucións arquitectónicas) como aos desenvolvementos dos programas escultóricos das súas portadas, e xurde dunhas necesidades comúns relacionadas ca liturxia e o culto ás reliquias (todas teñen cripta baixo a ábsida), ou a collida de peregrinos. Estas igrexas exercerán influencia sobre outros templos do camiño, no Sur de Francia e nos reinos hispanocristianos, e a catedral de Santiago exercerá unha influencia salientable tanto na arquitectura coma na escultura da arte galega posterior

2. Identificación:

-Obra:Atopámonos ante a representación en planta da Catedral Románica de Santiago de Compostela
-Cronoloxía:De finais do século XII ao século XII .
-Estilo: Románico.
-Autor:Identifícanse diferentes mestres de obra*: Roberto e Bernardo o Vello, Mestre Estevo, Bernardo o Xove e o Mestre Mateo.*

3.Análise do contexto histórico-artístico:

A Catedral de Santiago é un dos edificios máis significativos do estilo Románico, que xorde ligada aos condicionantes socioeconómicos e culturais da Baixa Idade Media. Este estilo engloba tódalas manifestacións arquitectónicas e de artes plásticas desenvolvidas durante o séculos XI e XII en Europa. Para o seu estudio distínguense tres etapas (o Románico inicial, pleno e final ou tardorrománico) baseadas nas características comúns estructurais e tipolóxicas que se definindo nas distintas áreas ou rexións; estas diferenzas son matices dentro da homoxeneidade que presentan as

manifestacións deste estilo que fan que poida ser considerado o primeiro estilo internacional europeo.
Dende o século XI Europa experimenta un dinamismo económico provocado polo desenvolvemento de zonas agrícolas. A terra convértese, no principal factor de riqueza e o feudo é a unidade de produción básica. A súa estrutura social correspóndese cunha ríxida configuración en estamentos (nobreza, clero e terceiro estado) e preséntase en mans dunha minoría de señores laicos ou eclesiásticos, os grupos privilexiados, ante unha maioría de servos. Prodúcese agora tamén unha relativa estabilidade política baseada na consolidación dos reinos feudais; paralelamente os centros urbanos convértense de novo en núcleos vitais e vai tomando forma unha nova clase social, a burguesía
O fondo sentimento relixioso cristián, canalizado pola igrexa, exercerá de forza unitaria neste mosaico territorial. A igrexa medieval irá gañando poder temporal e sobre todo espiritual; o poder do Papa fortalecido, será quen de impulsar a unificación do rito en todo o occidente europeo (*rito romano*),e o desenvolvemento da vida monástica (mosteiro de Cluny,) que exercerá un papel prioritario na organización das cruzadas e das peregrinacións. Será arredor destes camiños onde vaia xestándose a arte románica, pois os ensaios e achádegos formais dunha rexión rapidamente pasarán a os outras a través dos obradoiros itinerantes de canteiros e escultores que emprenderán en curto espazo de tempo obras en diversos enclaves destes camiños.
O estilo románico será, por enriba dos matices das súas variedades rexionais a primeira arte da Idade Media que consigue a suficiente unidade nas súas manifestacións como para ser considerado o seu primeiro estilo internacional.

3. COMENTA BREVEMENTE ESTE TEXTO:

Estes fragmentos dun texto de San Bernardo ilustran o concepto , os temas, e o significado do valor das imaxes esculpidas para un home culto do século XII.

Bernardo de Claraval (San Bernardo) foi o principal teórico e impulsor da orde do Císter na primeira metade do século XII , e a el se deberá a concepción estética baseada na austeridade que adoptarán os mosteiros cistercienses , como reación á riqueza decorativa da orde de Cluny.

Neste texto, o autor danos un descrición dos dalgúns dos temas recorrentes da escultura dos claustros e (por extensión) da arte das igrexas no románico: animais reais (monos, leóns..), fantásticos, mitolóxicos, escenas de caza...e cuestiona o seu carácter didáctico e a súa validez como método de coñecemento, neste caso, para os monxes.
A imaxe, na arte románica, era entendida e utilizada como un método de adoutrinamento para os fieis. Tanto os programas pictóricos dos muros das igrexas, coma as imaxes dispostas nas portadas monumentais , nos capiteis do interior das igrexas ou dos claustros eran utilizados como un instrumento co que se ensinaban os principios fundamentais da relixión, correcións morais, normas fonte a temas heréticos.....Agrupades en programas iconográficos ou ailladas, xeralmente eran o bastante explícitas para que foran comprendidas polo público ao que estaban dirixidas. Os temas representados son fundamentalmente relixiosos, baseados en textos bíblicos (Antigo Testamento, *Apocalipse de San Xoán*), vidas de Santos...Predominarán as *Teofanías* , ou manifestacións da Gloria de Cristo, na que a representación máis habitual é a inspirada na *Apocalipse de San Xoán* e a finais do século XII xorden as representación de Cristo inspiradas no *Evanxeo de Mateo*, Na escultura exenta hai dous temas recorrentes: a de Cristo crucificado e a da Virxe co Neno. Aparte dos temas relixiosos apareceran outros de carácter profano como calendarios, escenas de caza ou *Bestiarios*, é dicir, representación de animais reais ou

imaxinarios cun forte contido simbólico, normalmente de carácter dualista, loita do ben contra o mal..etc.
Os capiteis dos claustros , que adoitaban ter este tipo de representacións, eran o lugar destinado á meditación dos monxes. San Bernardo fai unha apaixonada crítica tanto á riqueza decorativa, que xulga un gasto inútil, na liña da reforma cisterciense que promoverá unha arte austera exenta de ornatos, como á utilidade desta imaxes como forma de adoutrinar aos monxes, que ve coma unha distración, unha provocación á imaxinación que os afasta do fin lexítimo de atopar a Deus a través da lectura e a meditación.

4. EXERCICIO DE IDENTIFICACIÓN DE IMAXES:

1.Exterior do Conxunto monumental de Pisa.
2.Cabeceira Saintn Sernain de Toulousse.
3.Vista exterior da cabeceira Santa María de Ripoll
4.Vista exterior da cabeceira San Martiño de Mondoñedo.
5.Alzado interior da nave central da catedral de Durham.
6.Alzado interior da nave central e acuberta da Catedral de Santiago de Compostela.
7.Alzado interios da nave central e a cabeceira da Magdalena de Vezelay.
8.Exterior da cabeceira da Catedral de Spira.
9.Vista exterior da cuberta de Saint Front de Perigoux
10.Fachada de Saint –Gilles-du-Gard.

5. CONTESTA BREVEMENTE ÁS SEGUINTES CUESTIÓNS:

1ª. A bóveda de aresta é a bóveda formada pola intersección de dúas bóvedas de canón que se cruzan de modo perpendicular . Co tempo arestas se reforzarán con arcos interiores orixinando bóvedas de aresta con cruzaría, paso anterior ás bóvedas de cruzaría do gótico, estructuralmente distintas. As bóvedas de aresta cobren, xeralmente, un espazo cadrado e no románico soen empreñarse como cuberta nas naves laterais das igrexas de peregrinación.

2º.A planta é de cruz latina con tres ou cinco naves lonxitudinais e tres naves no transepto; a cabeceira presenta deambulatorio con capelas rodeando o presbiterio, baixo o cal se situaba a cripta coas reliquias. En alzado, a nave central é máis alta que as laterais e cóbrese con bóveda de canón sobre arcos faixóns, e as naves laterais e o deambulatorio con bóveda de aresta; sobre as naves laterais colócase a tribuna abertas á nave central mediante grandes arcadas. Ao exterior, desenvolven as fachadas do transepto e a fachada occidental, nas que xeralmente se sitúan importantes conxuntos escultóricos e torres que as franquean.

3ª. A técnica máis utilizada na pintura mural no románico é a técnica do fresco que se executa sobre un muro previamente recebado con area fina sobre o que se pinta, mentres está húmido con cores diluídas en auga de cal; o seu maior inconveniente é que esixe gran destreza e rapidez ao pintor, xa que o recebo preparado non pode quedar seco, nin admite retoques .

4ª. O Horror vacui é unha expresión latina que significa medo ao espazo baldeiro e que na historia da arte se aplica ao desexo de cubrir toda a superficie de que se dispón nunha obra de arte, sen deixar espazos libres. O horror vacui está presente na plástica románica, e se aplicará tanto nos espacios pictóricos como nos espacios reservados á decoración escultórica, que ocupará con motivos ornamentais o espazo que quede libre de figuración.